Verín I,2,Xeronda,Cualedro.Setembro 1979.

Bernardo
Josefa

I,2,

6) i o cura andúvolle coelas
no ofretorio da misa
i a xente que taba dentro
caía toda coa risa

7) trataron de casamento
Xan Quintán i a Mariquiña
iban no medio da iglesia
dixo que non o quería

---

Josefa.

408.

1) |Un menino foi á| iaula
cunha pedriña tirou
i a brincar cos estudantes
un pav'ò mestre matou

VI 5-9
IV/6

2) Bor días oh sseñor mestre
bor días lle veño dar
Antonio matou un pavo
i eu veño pra llo pagar

3) responden señor Albino
para amigos non é nada
mand'ò gazodiño a iaula
qu'a mort'está perdoada

4) Antoñiño vai á iaula
estás no tempo de aprender
vou á iaula meu pai vou
tal vez non me torn'a ver

5) os raparigos da iaula
vistes lá ó Antoñiño
ficou na iaula do mestre
morto com'òn pasariño

6) o pai cuando esto esto víu
cheio de pena i dolor
colleu un puñal nas maus
foi dar mort'ó profesor

7) vexan aquí meus amigos
vexan aquí meus irmaus
que dúar mortes tan tiranas
pola causa dun pavão

---